

CUARTO DE GRAO ELEMENTAL

PROBA DE PIANO

- Os aspirantes deberán interpretar dous obras completas de libre elección podendo ser unha delas un estudo. No caso de que unha obra teña varios movementos, deberánse interpretar todos.
- Realización de unha proba de lectura a primeira vista, proposta polo tribunal.
- É obrigatorio a interpretación dunha das obras de memoria.
- Os aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais.
- Ademais o aspirante achegará dous xogos de fotocopias para o tribunal.
- O aspirante deberá presentar no momento do exame o DNI ou documento acreditativo.

Lista orientativa de obras. (Aceptarase calquera outra obra de similar dificultade e estilo).

Obras didácticas:

- Estudos op. 100, Burgmuller.
- Estudos Op. 849, Czerny.
- Estudos Op.100, Bertini.
- Estudos Op. 37, Lemoine.

Obras barrocas:

- Pequenos preludos, Bach.

Obras clásicas:

- Sonatinas de Beethoven, Diabelli, Clementi, etc.

Obras Románticas:

- Álbum de nenos, Tchaikowsky.
- Album da mocidade, Schumann
- Valses, Schubert.

Obras modernas:

- Pezas infantís; Shostakovich.
- Pezas infantís, Prokofiev.
- Pezas infantís, Casella.
- 5 dedos, Stravinsky.

PROBA DE LINGUAXE MUSICAL

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos cursos anteriores.

CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico – melódico:** a unha voz e dunha extensión entre 8 e 12 compases, ata unha alteración na armadura, podendo levar tamén algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea.
- **Repentización rítmica:** en claves de Sol e Fa en 4^a.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado realizaranse nunha única sesión e terán a duración dunha hora.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinando disporá de 10 minutos en total para preparar, en clausura, ámbolos dous exercicios.

